



CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE VALGA PARA A POSTA EN VALOR COMO ÁREA DE LECER DA ANTIGA MINA DE EXTRACCIÓN DE ARXILA “PORTO PIÑEIRO” (VALGA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Concello de Valga o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello de Valga co fin de financiar a redacción do proxecto denominado “Posta en valor como área de lecer da antiga mina de extracción de arxila Porto Piñeiro (Valga)”, que prestará especial atención á dinamización turística patrimonial e dos espazos de lecer do entorno e a súa contribución a valorizar a totalidade do patrimonio existente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Segundo o artigo 103.1 da Constitución Española, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial na posta en valor dos recursos locais que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas e das colectividades.

Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en relación coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria

No relativo a zona afectada pola antiga explotación de arxila Porto Piñeiro, o Concello propón levar a cabo unha serie de actuacións de adecuación e integración paisaxística e de xeración de zonas de lecer.





Esta actuación valórase positivamente ao converter unha zona alterada polas antigas actividades mineiras, nun espazo de recreo e de natureza a disposición da poboación xeral, amosando a importancia do patrimonio mineiro na configuración pasada e actual da paisaxe, e conxugando a conservación patrimonial e a calidade paisaxística co desenvolvemento sustentable do municipio.

O custo total das actuacións obxecto deste convenio ascende a 53.149,25 €, dos cales a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación achegará **CORENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS DEZANOVE EUROS (42.519 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **06.02.734A.760.2** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

O convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

(asinado dixitalmente)

Paula Uría Traba

